



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Visto que polo Concello de Ordes aprobouse un Plan de actuacións para a redución das perdas de auga do sistema de abastecemento para o período temporal 2023-2026, en cumprimento do disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situación de risco sanitario, no que se definían unha serie de obras a realizar, con data 28 de febreiro de 2024 redactouse o proxecto denominado **"INSTALACIÓN CONTADORES NA REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA SECTORIZACIÓN E CONTROL"** por D. Rojo Losada, enxeñeiro Técnico Industrial (colexiado nº 2 525).

O dito proxecto incluíuse para a solicitude dunha subvención da Entidade Pública empresarial Augas de Galicia ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 20, do 29/01/2024).

Mediante Resolución do director de Augas de Galicia, de data 04/07/2024, comunicouse a aprobación dunha subvención ao Concello de Ordes para a execución do dito proxecto (Expdte.: AU301E2024-57), por importe de 45.000,00 €, supoñendo unha porcentaxe do 80% (o máximo segundo a Resolución) sobre o investimento a realizar, o cal ascende á contía de 56.250,00 €.

Con estas obras preténdese mellorar a operación e control da rede de abastecemento, reducindo as perdas de auga de xeito que se optimicen os recursos hídricos dispoñibles.

Procede iniciar expediente de contratación por procedemento aberto, por ser o procedemento máis axeitado para a consecución da mellor oferta para a execución das obras: **INSTALACIÓN CONTADORES NA REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA SECTORIZACIÓN E CONTROL**, con multiplicidade de criterios de adjudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación urxente (artigos 119, 131.2 e 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 - LCSP).

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

Perante min,
O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias